



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 26)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández.
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e un de xullo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día catorce de xullo de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 12 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recolle o seguinte:

“Antecedentes.

1.- Acordo de Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021, con CSV: IV7E4SJ3YAWIUS42UIHH4UTPEY, polo que se adxudican o lote 12 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Vazper 3 S.L.

2. Formalización do contrato, datada o día 15 de xullo de 2021 (CSV: IV7EY7C3AF47V6XYNU54H26GQ)

3.- Resolución da Presidencia do día 13 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a prórroga contractual (CSV: IV7BSKBYN4007JO64MQSENSTGE)

4.- Escrito presentado o día 26 de xuño de 2023 (RXE nº 2023RPE012986) por D. Manuel Vázquez Pardo, en representación de Vazper 3 S.L., en calidade de cedente e D. José María Vázquez Piñeira, en calidade de cesionario; no que se interesa a cesión do contrato a favor de D. José María Vázquez Piñeira.

5.- Informe do Responsable do contrato do 29 de xuño de 2023 (CSV: IV7O3XH4BZW2TKF6A5FRE5C7DY).

Legislación Aplicable.

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.



- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).*
- *Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.*

Consideracións Xurídico-Administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”



Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte: “Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal...”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado “R” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (prezo e adscripción ao contrato de persoas maiores de 50 anos), circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV703XH4BZW2TKF6A5FRE5C7DY, no que se recolle que:

“Este Responsable do Contrato logo de levar a cabo as comprobacións oportunas tendentes a determinar si o adxudicatario cumpre as condicións de execución do 20%

do contrato, pon de manifesto que a mercantil VAZPER 3, S.L., a data 26 de Xuño, leva executado de acordo os criterios fixados nos pregos que rexen o contrato 317,4 km.da prestación, o que supera o 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión”

Sexta.- No tocante ao cumprimento do preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP, recóllese no Informe do Responsable do Contrato que:

“Igualmente o Cesionario D. José María Vázquez Piñeira quen foi adxudicatario do Lote 6 do presente contrato, resultou con plena capacidade e solvencia económica e financeira, así como técnica e profesional para contratar con esta Administración, levando a cabo a súa prestación con total suxeición o estipulado nos distintos pregos polos que se rexe o contrato de referencia e a plena satisfacción do Responsable do Contrato.”se cumpre o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP”.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia /clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.



Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

- a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.*
- b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.*
- c) Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 3.539,31 € (Expediente 121/PES/11571.Nº operación 320210008664)*

Oitava.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente (...)"

Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Polo que vai dito propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión das prestacións determinadas no lote 12 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor de D. José María

Vázquez Piñeira, con DNI N^o ***6893**, quedando pendente de executar a anualidade 2023 por importe de 42.825,63 €.

2^o.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 3.539,31 €

3^o.- A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN, RECURSO 130/2023, INTERPOSTO POR SALZILLO SEGURIDAD, SA, FRONTE Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NAS DISTINTAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Emítese informe-proposta a fin de remitir o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia en relación co referido recurso e ós seguintes:

Antecedentes de Feito:

O día 30 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o expediente relativo á contratación do servizo de seguridade e vixilancia nas distintas dependencias da Deputación provincial de Lugo, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación, así como o procedemento de adxudicación e o gasto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas celebráronse sesións das mesas de contratación, seguindo as actuacións previstas na lei e nos pregos, avaliando e clasificando as ofertas ate requirir ó licitador mellor clasificado a documentación nos termos do artigo 150 da LCSP e segundo a seguinte clasificación:



Número de Orde	Licitador	Notas
1	Ilunion Seguridad S.A.	91,12
2	Salzillo Seguridad S.A.	82,77
3	Clece Seguridad	82,47
4	Grupo Control Empresa de Seguridad S.A.	81,36
5	Sasegur S.L.	79,50
6	Alcor Seguridad S.L.	76,00

Por resolución da Presidencia do 06 de febreiro de 2023, aprobouse a proposta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, se clasifica aos licitadores, e se require ao mellor clasificado a documentación á que fai referencia o artigo 150 da LCSP.

Salzillo Seguridad S.A. remitiu escrito o día 03 de febreiro de 2023 a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo e así mesmo presentou escrito a Central Sindical Obrera Independiente o día 15 de febreiro de 2023, realizando alegacións respecto do cumprimento da obriga de contar cun plan de igualdade por parte do licitador Ilunion.

A empresa Ilunion Seguridad S.A. presenta a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP, a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de febreiro de 2023.

A mesa de contratación reuniuse o día 17 de febreiro de 2023, concluíndo:

“O Presidente da conta dos escritos presentados pola mercantil Salzillo Seguridad S.A., con RXE: 2023RT001417 e pola central sindical CSOI, con RXE: 2023RPE002750, nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro polo que regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 731/2010, do 28 de maio sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Á vista dos escritos presentados, a mesa de contratación acorda – en aras de garantir o bo curso do procedemento e con independencia de que a inscrición no rexistro teña carácter declarativo ou constitutivo - requirir á empresa Ilunion Seguridad S.A. para

que no prazo de cinco días hábiles remita acreditación documental sobre este extremo e/ou cantas alegacións mellor conveñan ao seu dereito.”

En execución do dito acordo requiriuse información a á empresa Ilunion Seguridad S.A., o día 27 de febreiro de 2023, a través da plataforma de contratación do sector público dando traslado á empresa dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independente dito requirimento foi respostado o día 06 de marzo de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día 21 de marzo de 2023, unha vez estudado o contido dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independente - nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada - comprobadas as manifestacións realizadas empresa Ilunion Seguridad S.A., e atendendo ás resolucións máis recentes emitidas polos tribunais de contratación pública (por todas Resolución 44/2023, do TACGAL e Resolución 1664/2022 do TACRC), conclúe que a inscrición do plan de igualdade no referido rexistro non ten carácter constitutivo, o que non imposibilita continuar co procedemento de contratación.

Acto seguido procedeuse a examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, da oferta mais vantaxosa e por unanimidade, acordou propoñer a adxudicación a Xunta de Goberno, que resolveu a mesma con data 31 de marzo de 2023 a favor da empresa Ilunion Seguridad S.A.

Terceiro.-Fronte dito acordo foron interpostos sendos recursos ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, que comunicou a esta Deputación de Lugo a interposición polas empresas Salzillo Seguridad, SA 71/2023 e Alcor Seguridad, SL 79/2023. O TACGAL reclamou o expediente administrativo, así como o informe ao que se refire o artigo 56 da LCSP.

O recurso interposto por Salzillo Seguridad, SA foi parcialmente estimado na Res. 89/2023 na vista da mesma a mesa de contratación con data 20 de xuño de 2023 propuxo adxudicar o contrato, o que foi acordado pola xunta de goberno con data 23 de xuño de 2023, unha vez executada a resolución 89/2023 nos seus xustos termos tendo en conta redacción do artigo 71.1.d), e na consideración de que a empresa Ilunion Seguridad, S.A., non se atopa incurso en prohibición para contratar o contar cun plan de igualdade expoñendo os diferentes motivos nos que xustifica dita adxudicación entre eles a constancia da vixencia dun plan de igualdade propio e outro da entidade matriz do grupo así como probas da súa efectiva implantación .



Dito acordo de adxudicación, notificado e publicado o 28 de xuño de 2023, resultou novamente impugnado por SALZILLO SEGURIDAD,SA sendo esta administración notificada do recurso 130/2023 con data 18 de xullo de 2023.

Considerando o anterior, e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación Aplicable:

- Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso á Xunta de Goberno que ditou o acto impugnado.

Así mesmo, o presente se someterá ó conforme da Secretaría Xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións

A) Dende o punto de vista formal:

Consta a lexitimación do recorrente Salzillo Seguridad, SA como licitador no procedemento clasificado en segundo lugar así como a interposición en prazo do recurso considerando que a resolución de adxudicación foi publicada e notificada con data de 28 de xuño de 2023, polo que o prazo de interposición expiraba o 19 de xullo de 2023.

B) Respecto do fondo.

Se ten acreditado no expediente que de conformidade coa letra d) do artigo 71 da LCSP, o licitador conta con dous plans de igualdade un da matriz Ilunión, e asimismo con outro propio da adxudicataria ILUNION SEGURIDAD. O plan de igualdade se atopa incorporado ó convenio colectivo publicado no BOE <https://www.boe.es/boe/dias/2021/09/01/pdfs/BOE-A-2021-14395.pdf> (capítulo XVI) de tal xeito que obtén tanta ou maior publicidade que a que se derivaría da súa inscrición específica, sen prexuízo de que dita obriga ten alcance de natureza laboral

excedendo as obrigas ás que se refire o artigo 71.1 d da LCSP que unicamente esixe que:

“La acreditación del cumplimiento de la cuota de reserva de puestos de trabajo del 2 por ciento para personas con discapacidad y de la obligación de contar con un plan de igualdad a que se refiere el primer párrafo de esta letra se hará mediante la presentación de la declaración responsable a que se refiere el artículo 140 .”

Por tanto, a lei unicamente esixe contar con un plan de igualdade sen engadidos nin requisitos adicionais que se atopan fora da capacidade de control do órgano de contratación, cando debe decidir sobre a gravísima consecuencia de excluír ó licitador que formula a oferta mais vantaxosa, ante a eventual concorrencia dunha prohibición para contratar. Entendemos, dacordo co criterio da mesa de contratación, que neste caso non concorre tal prohibición ó satisfacerse a obriga legal de contar co dito plan.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente, entendemos que procedería a integra desestimación do recurso dado que segundo se desprende das actas da mesa o alcance xurídico da inscrición dos plans de igualdade na concorrencia dunha prohibición para contratar foi estudiado á luz da doutrina dos tribunais de recursos resultando especialmente destacable a doutrina que incorpora a recente resolución 1529/2021 e 1664/2022 do TACRC:

“A la vista de lo expuesto, el recurso debe ser desestimado en este punto. Por un lado, pesa sobre la empresa la obligación de aprobar y aplicar un plan de igualdad y, por otro, la obligación de inscribir este plan. No obstante, los pliegos del contrato, que tienen fuerza de ley entre las partes contratantes y no han sido impugnados, así como el artículo 71.1.d) de la LCSP, se refieren únicamente a la obligación de contar con un plan de igualdad.

De ello se desprende que la obligación exigible a los licitadores, a efectos de resultar adjudicatarios, es contar efectivamente con el plan de igualdad requerido, y no que dicho plan esté inscrito en el registro correspondiente.

.....

En definitiva, la aportación del plan de igualdad determina que el adjudicatario posee las condiciones requeridas, no ha incurrido en falsedad en su declaración responsable y no se halla incurso en ninguna prohibición de contratar, por lo que el acto recurrido ha de ser confirmado.”

E a moi recente 44/2023, do TACGAL nun caso moi similar ó que nos ocupa, referida a existencia do plan de igualdade prorrogado como límite da prohibición para contratar:



“A maior abastanza, cómpre engadir que tal e como apunta o órgano de contratación no seu informe, o contar cun plan de igualdade non sería un requisito esixidos nos pregos senón que deriva das esixencias da lexislación laboral; que segundo o informe a este recurso a empresa si contaría cun plan de igualdade -prorrogado mais aínda en vigor segundo o seu propio clausulado- e está en proceso de tramitación dun novo, -a este respecto o informe do órgano de contratación ao recurso: “este mesmo respecto, Grupo Control tamén presenta unha declaración responsable na que sinala que ‘la empresa viene aplicando de forma efectiva las medidas implantadas en nuestro II Plan de Igualdad, el cual se encuentra registrado y vigente por prórroga, según la cláusula expresa prevista en el mismo (...)’- o que de novo nos coloca en sede de legalidade ordinaria, sendo cuestións todas estas das que nada se di no escrito de recurso, pero que evidencian que non se reduce á mera ausencia dun plan de igualdade aos traballadores da empresa adjudicataria, pois lembremos que se nos sinala que determinado plan se atopa prorrogado e polo tanto en aplicación, senón se as vicisitudes expostas supoñen que a empresa estea ou non incurso nunha prohibición de contratar....”

Como se pode apreciar o tribunal distingue a obriga de natureza laboral de aquela que corresponde ó licitador a teor do disposto no artigo 71 da LCSP, acreditando non atoparse incurso en prohibición de contratar *strictu sensu* e segundo a literalidade do precepto, e por tanto para poder entender que a súa declaración responsable se axusta á realidade de contar con dito plan de igualdade.

No mesmo sentido se pronuncia o acordo 125/2022, de 23 de decembro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón cando sinala:

“Y es que para poder concluir si puede considerarse que la empresa tiene el plan de igualdad tal y como exige la normativa laboral, se tendría que ahondar en una materia que- se insiste- excede del ámbito que acaba de definirse en el meritado Acuerdo 14/2021, que es el que incumbe a este Tribunal administrativo y que no puede resolverse con la aplicación de la normativa en materia de contratación pública, de modo que le está vedado a este Tribunal administrativo su resolución, por lo que procede declarar la inadmisión de esta pretensión del recurso, por no ser de competencia de este Tribunal, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 21.1.a) de la LMMCPA y artículo 55.a) de la LCSP”

En conclusión se lle resta todo carácter substantivo a dita inscrición, respecto do cumprimento dos requisitos de natureza contractual que permiten a Ilunión Seguridade alcanzar a condición de adjudicatario por ter realizado a oferta economicamente mais vantaxosa, debendo distinguir este control obrigado polo artigo 71.1 d da LCSP da interpretación de aquelas outras circunstancias da actividade empresarial que se refiran a requisitos cuxo control corresponde a autoridade laboral.

Compre recordar así mesmo, que a interpretación da concorrencia das prohibicións de contratar debe facerse de xeito restritivo e en todo caso non analóxico evitando interpretacións da norma que en contra do principio de concorrencia transparencia e igualdade de trato incorporen engadidos non previstos no seu articulado, neste sentido TACP de la Comunidade de Madrid na súa Resolución 21/2021:

“Toda vez que, en caso de que se den las circunstancias previstas en el citado artículo la sanción que se deriva para las empresas es gravísima, imposibilitando a los licitadores en los que concurran contratar con el sector público. Se trata por ello de una enumeración o catálogo de prohibiciones con un carácter tasado, que no son susceptibles de ampliación con carácter interpretativo por tener un carácter eminentemente sancionador y, por tanto, solo susceptibles de interpretación restrictiva, por evidentes razones de seguridad jurídica.

El incumplimiento de la obligación de contar con un plan de igualdad para las empresas de 250 trabajadores o menos no está expresamente prevista en la LCSP como prohibición de contratar, por lo que este Tribunal considera que no cabría efectuar una interpretación extensiva de dicha prohibición, en virtud del principio general de interpretación restrictiva de las normas limitadoras de derechos y de las sancionadoras, sin perjuicio de las consecuencias que se deban derivar, para el caso de que se produzca el incumplimiento de la citada obligación, en virtud de la normativa administrativa específica que la regula.”

Non existiu tampouco extemporaneidade, que impida a aclaración nos termos requiridos pola mesa de contratación coa presentación dun certificado asinado pola comisión negociadora, en data determinada, que da fe dunha situación previa e plenamente adaptada a legalidade como é a existencia e vixencia dun plan de igualdade e a negociación colectiva das súas adaptacións, necesaria dentro da vixencia outorgada pola súa prórroga. Recordemos así mesmo que a presentación de dito documento se produce á requirimento do propio órgano de contratación por tanto figurando data coherente con este, de xeito que xa se tiña cumprimentado o requirimento de fiabilidade ó que se refería a resolución 89/2023 do TACGAL.

E mais, en execución da resolución 89/2023 se reiterou o trámite que xa se tiña realizado de solicitude de documentación ó licitador esta vez nos termos literais da resolución do TACGAL, quedando acreditado novamente, se cabe con maior intensidade, a existencia do plan de igualdade tal e como prescribe o artigo 71.1d), plan de igualdade do que consta a súa existencia e efectiva aplicación.



Compre recordar que pronunciamentos posteriores que sosteñen a doutrina maioritaria aplicada por este órgano de contratación, avalan a actuación do órgano de contratación e o seu órgano de asistencia.

Así o TACRC na súa recente resolución nº 238/2023, de 3 de marzo, citada tamén na 472/2023, de 20 de abril, sinala que:

“Lo anterior es lógico puesto que la validez del Plan y su aplicación en la empresa no la determina la inscripción en el registro, sino la negociación entre las partes del mismo con los requisitos que establece el artículo 46 de la Ley Orgánica 3/2007, y que desarrolla el Real Decreto 901/2020.

Sería ilógico y desproporcionado con la finalidad que persiguen la citada Ley Orgánica y la LCSP que, existiendo un plan de igualdad negociado y acordado entre las partes, la empresa pudiera estar incurso en prohibición para contratar por el hecho de no estar inscrito dicho Plan en el registro”

.....

“En consecuencia, trasladando dicho criterio a la controversia aquí suscitada, al haber acreditado la mercantil actora que disponía de un plan de igualdad a raíz del requerimiento efectuado por el órgano de contratación, ello debería haber llevado a éste a advenir la aptitud de la empresa propuesta como adjudicataria y conduce a este Tribunal a anular la actuación impugnada”

O respecto do anterior, da documentación aportada polo licitador e valorada pola mesa de contratación, se desprende:

1. A existencia do plan de igualdade.
2. O seu efectivo rexistro, debendo considerar que no tanto se atopaba en negociación e prorrogada a súa vixencia, resultaba xustificada a existencia do plan nos termos acreditados polo licitador dende o primeiro momento que a mesa requiriu a xustificación deste extremo.
3. A súa plena aplicación material, como demostra o distintivo do ministerio da rede DIE https://www.igualdadenlaempresa.es/DIE/red-DIE/docs/Ficha_Ilunion.pdf
4. A existencia de plan de igualdade da empresa matriz GRUPO ILUNION, S.L - co localizador 90110982112021 no rexistro REGCON con da a de Vixencia dende 08/07/2021 ata 07/07/2025 extremo verificable na web do REGCON na dirección <https://expinterweb.mites.gob.es/regcon/pub/consultaAcuerdo> .

GRUPO ILUNION, S.L - 90110982112021

TRAMITADO

DATOS BÁSICOS 1	DATOS BÁSICOS 2	EXPEDIENTES
-----------------	-----------------	-------------

DATOS BÁSICOS

Denominación **GRUPO ILUNION, S.L**

Naturaleza **PLAN DE IGUALDAD ACORDADO CON LOS REPRESENTANTES DE LAS PERSONAS TRABAJADORAS**

Ámbito Funcional **EMPRESA O TODOS LOS CENTROS DE UNA EMPRESA**

Fecha de Vigencia Desde **08/07/2021** Fecha de Vigencia Hasta **07/07/2025**

Vigencia ampliada hasta:

ÁMBITO

Ámbito Territorial **INTERPROVINCIAL SUPERIOR AL AUTONÓMICO**

Autoridad Laboral **Autoridad Laboral ESTATAL**

Ámbito Geográfico

- Madrid - Sevilla

Ámbito Personal **TODOS LOS TRABAJADORES**

REPRESENTACIÓN

Representación Trabajadores **SECCIONES SINDICALES**

Organizaciones Sindicales

<input checked="" type="checkbox"/> CCOO	<input checked="" type="checkbox"/> UGT
<input type="checkbox"/> USO	<input type="checkbox"/> CIG
<input type="checkbox"/> GRUPO DE TRABAJADORES INDEPENDIENTES	<input type="checkbox"/> ELA
<input type="checkbox"/> LAB	<input type="checkbox"/> CGT
<input type="checkbox"/> OTROS SINDICATOS	

Tal e como sinala a Resolución 123/2023 do TACGAL :

“Neste caso, atopámonos ante unha empresa que efectivamente encóntrase amparada polo plan de igualdade do seu grupo empresarial -sobre a súa admisibilidade, dende o propio Ministerio de Igualdade atópase recollida esta posibilidade <https://www.igualdadenlaempresa.es/faq/respuestas.htm>-, o cal se ben foi formalmente rexistrado con posterioridade á data de presentación da súa oferta, non só se atopa actualmente rexistrado, senón que segundo a información do propio REGCON está vixente dende o 07.02.2023, é dicir, con anterioridade ao 11.04.2023 no que o licitador presentou a súa proposta.

Isto fai que, a diferenza do resultado da nosa Resolución 89/2023, non sexa necesaria a retroacción do procedemento de licitación, pois o indicado é proba suficiente da fiabilidade do licitador ao respecto, o que determina a desestimación deste motivo da impugnación.”



Quererse deixar constancia de que en sede do recurso resolto pola resolución 89/2023 esta administración xa puxo de manifesto que a matriz do grupo empresarial contaba cun plan de igualdade, e xa tiña feito de oficio o requirimento de fiabilidade da oferta como pode comprobarse no documento 16.2 do expediente do recurso 71/2023 tal e como se pode verificar no link:

<https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/59a3cf7f-8938-49a0-826e-b6bac556ec3b/DOC20230227094153traslado+escrito.pdf?MOD=AJPERES>

Asimesmo figuraba mencionado este extremo de vixencia do plan de igualdade da empresa matriz do grupo no informe do órgano de contratación (páxina 4), e con plena constancia documental na páxina 11 do arquivo “16.3 ALEGACIONES ILUNION.pdf” do expediente remitido en sede do recurso 71 /2023.

Teniendo en cuenta lo expuesto anteriormente, se facilita justificante de inscripción en el REGCON del Plan de Igualdad del Grupo Ilunion, S.L, estando vigente hasta el 07/07/2025.



Página 11 de 14

Entendemos por tanto, non sólo que o presente recurso debe ser desestimado, senón ademais, que a retroacción ordeada pola resolución 89/2023 do TACGAL non debera terse ditado á luz da resolución 123/2023 do propio TACGAL, por constar no expediente elementos suficientes aportados polo licitador e avaliados polo órgano de asistencia que acreditaban o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 71 .

Compre asimesmo manifestar de conformidade coa doutrina do TACRC e as decisións do órgano de contratación, a absoluta gravidade e manifesto desaxuste a dereito que representaría a exclusión dun licitador que formula a oferta mais vantaxosa ,mediante a asunción de interpretacións extensivas dunha prohibición de contratar. Dita interpretación resulta totalmente contrarias a doutrina maioritaria, e ós principios rectores da contratación pública ó basearse nunha composición analóxica e

desfavorable, que permitiría descartar a mellor oferta presentada e avaliada de conformidade cos pregos da licitación.

Por tanto, considerando a documentación obrante no expediente e os pronunciamentos citados, propónse á Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procedería a desestimación do recurso 130/2023 interposto polo licitador Salzillo Seguridade, toda vez que o licitador adxudicatario ten acreditado os requisitos establecidos no artigo 150 e así mesmo pola non concorrencia de prohibicións nos termos previstos no artigo 71.

2º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TACGAL, xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2022.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito do concello de Abadín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 1 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. (PUC/22)*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Abadín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (1) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir,



con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

- Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

- Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

- Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

- Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023."

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Abadín presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
ABADÍN	1	ADQUISICIÓN DE PARCELA PARA ÁREA DE ESPARCIMENTO	1710.76201	2.832,83€

5. Por escrito con RE nº 2023RT011068 de data 20/06/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións

inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ABADÍN	REM	ADQUISICIÓN PARCELA 434 EN REDE DE MUIÑOS (MONCELOS)	1710.76201	---	1.188,00€	1.188,00€
ABADÍN	REM	ADQUISICIÓN PARCELA 267 EN REDE MUIÑOS (MONCELOS)	1710.76201	1.679,17€	1.644,83€	3.324,00€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan único 2022, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Abadín, no Plan único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado"

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Abadín e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
ABADÍN	REM	ADQUISICIÓN PARCELA 434 EN REDE DE MUIÑOS (MONCELOS)	1710.76201	---	1.188,00€	1.188,00€
ABADÍN	REM	ADQUISICIÓN PARCELA 267 EN REDE MUIÑOS (MONCELOS)	1710.76201	1.679,17€	1.644,83€	3.324,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo: *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito do concello de Viveiro, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 268-270 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. (PUC/22)*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Viveiro, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (268-270) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

- Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

- Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

- Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

- Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Viveiro presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
VIVEIRO	268	REPOSICION DE FIRME EN VIALES EN PARAISO	1531.76201	4.280,59€
VIVEIRO	270	REPOSICIÓN DE FIRME E AMPLIACIÓN DE SANEMENTO NA PISTA DE BRIEIRO – FARO AREA	1600.76201	1.182,53€

5. Por escrito con RE nº 2023RT011513 de data 29/06/2023 e 2023RT011728 de data 5/07/2023 con documentación complementaria, o concello solicita a aplicación de baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva e de non ter obtido baixa son da mesma aplicación orzamentaria, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
VIVEIRO	REM	LIQUIDACIÓN REPOSICIÓN DE FIRME EN VIALES EN PARAISO	1531.76201	--	2.530,12€	2.530,12€
VIVEIRO	REM	LIQUIDACIÓN REPOSICIÓN DE FIRME E AMPLIACIÓN DE SANEMENTO NA PISTA DE BRIEIRO – FARO AREA	1600.76201	3.773,71€	1.182,53€	4.956,24€
VIVEIRO	REM	LIQUIDACION ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PISTA PONTE FEVE A CASERÍA (remanente sin gastar da Reposición de firme en viales en Paraiso).	1531.76201	6.051,82 €	1.750,47 €	7.802,29 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 16 das do Plan único 2022, “...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación”.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Viveiro, no Plan único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Viveiro e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
VIVEIRO	REM	LIQUIDACIÓN REPOSICION DE FIRME EN VIALES EN PARAISO	1531.76201	--	2.530,12€	2.530,12€
VIVEIRO	REM	LIQUIDACIÓN REPOSICIÓN DE FIRME E AMPLIACIÓN DE SANAMENTO NA PISTA DE BRIEIRO – FARO AREA	1600.76201	3.773,71€	1.182,53€	4.956,24€
VIVEIRO	REM	LIQUIDACION ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PISTA PONTE FEVE A CASERÍA (remanente sin gastar da Reposición de firme en viales en Paraiso).	1531.76201	6.051,82 €	1.750,47 €	7.802,29 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS NO PARQUE DO PASEO DO RATO (2ª FASE).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o *Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo* co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións de uso dos hortos urbanos xestionados actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo.

En marzo de 2021 realizase a convocatoria de autorizacións de uso dos hortos (2ª Fase), para usuarios que non desfrutaran con anterioridade dun horto no Paseo do Rato ou en Paradai (BOP nº 072 de 30 de marzo de 2021).

A vista das solicitudes presentadas polos interesados, usuarios dos hortos urbanos do Paseo do Rato, que foron adxudicatarios de autorizacións da 2ª Fase, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno celebrada en sesión ordinaria de 11 de xuño



de 2021, na que solicitan a ampliación das autorizacións concedidas ata o día 23 de marzo de 2025 e que a continuación se indican:

Nº Horto	Nome	Apelidos	Expediente
1	Flor Maria	Perez Rodriguez	2023/PES_03/010741
3	José	Fernández Varela	2023/PES_03/010866
27	Javier	Balboa Rebolo	2023/PES_03/011135
32	Miguel	Iriarte López	2023/PES_03/010766
45	Lidia	Osorio Castela	2023/PES_03/011791
65	Isabel	Sampedro Villabrille	2023/PES_03/010727
66	Beatriz	Moreno Torres	2023/PES_03/011683
68	Agata Micaela	Tubio Lagos	2023/PES_03/010805
69	María Carmen	Díaz Fernández	2023/PES_03/010683
70	M ^a Jesús	González Rodríguez	2023/PES_03/011555
71	Abdelouhab	Matahi Erradouani	2023/PES_03/011697
72	Alfonso	López Carriches	2023/PES_03/011540
74	Gabriel Matias	Gómez Fernández	2023/PES_03/011046
78	Blanca	Ruíz De Gauna Pardo	2023/PES_03/011131
79	Araceli	Fernández Méndez	2023/PES_03/010943
81	Alba	Gardes Castellanos	2023/PES_03/010733
82	Alba	López Paz	2023/PES_03/011123
83	Alberto	Rico Teijeiro	2023/PES_03/010979
84	Rabia	Ftough Essshaibi	2023/PES_03/011702
85	Manuel Antonio	Vazquez Torron	2023/PES_03/011062
86	Maria Del Rosario	Marin Arnes	2023/PES_03/011392
88	Maria Luisa	Juiz Gomez	2023/PES_03/011257
89	Carlos	Varela Vazquez	2023/PES_03/010814
93	Monica	Gonzalez Martinez	2023/PES_03/010862
94	Beatriz	Sánchez Legido	2023/PES_03/012105
96	Vanesa	Gago Garcia	2023/PES_03/010736
97	Jose Miguel	Rico Noceda	2023/PES_03/010684

Nº Horto	Nome	Apelidos	Expediente
98	Marta	Garcia Sestelo	2023/PES_03/010711
99	Carlos	Fernández Dominguez	2023/PES_03/012053
100	Elena	Guillen Garcia	2023/PES_03/011112
102	Yolanda	Vázquez Díaz	2023/PES_03/011029
103	Humberto	Melón Traviesa	2023/PES_03/010713
104	Aihai	Chen	2023/PES_03/010818
106	Manuel	Fonteboa Marey	2023/PES_03/010982

Vistos os informes emitidos polo servizo de Medio Ambiente con CSV:IV70E7YSNTZ4TBF3UFVUKLSH5Y e pola Sección de Patrimonio da Deputación de Lugo, con CSV: IV70EOIM2F6D5OE72JOD4PQBCM, favorables a acordar a prórroga das autorizacións concedidas por un prazo de 1 ano e 9 meses, ata o 23 de marzo de 2025, sen que esta ampliación exceda do máximo período de duración dunha autorización (4 anos).

En base ao establecido no *Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo*, no seu apartado XI. *Órganos competentes* que dí:

“Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo”

Proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- A ampliación das Autorización de uso dun horto urbano no Paseo do Rato concedidas na segunda Fase, aos interesados que así o solicitaron, e que se relacionan a continuación, ata o día 23 de marzo de 2025;

Nº Horto	Nome	Apelidos	Expediente
1	Flor Maria	Perez Rodriguez	2023/PES_03/010741
3	José	Fernández Varela	2023/PES_03/010866
27	Javier	Balboa Rebolo	2023/PES_03/011135
32	Miguel	Iriarte López	2023/PES_03/010766
45	Lidia	Osorio Castelao	2023/PES_03/011791
65	Isabel	Sampedro Villabrilte	2023/PES_03/010727



Nº Horto	Nome	Apelidos	Expediente
66	Beatriz	Moreno Torres	2023/PES_03/011683
68	Agata Micaela	Tubio Lagos	2023/PES_03/010805
69	María Carmen	Díaz Fernández	2023/PES_03/010683
70	M ^a Jesús	González Rodríguez	2023/PES_03/011555
71	Abdelouhab	Matahi Erradouani	2023/PES_03/011697
72	Alfonso	López Carriches	2023/PES_03/011540
74	Gabriel Matias	Gómez Fernández	2023/PES_03/011046
78	Blanca	Ruíz De Gauna Pardo	2023/PES_03/011131
79	Araceli	Fernández Méndez	2023/PES_03/010943
81	Alba	Gardes Castellanos	2023/PES_03/010733
82	Alba	López Paz	2023/PES_03/011123
83	Alberto	Rico Teijeiro	2023/PES_03/010979
84	Rabia	Ftough Essshaibi	2023/PES_03/011702
85	Manuel Antonio	Vazquez Torron	2023/PES_03/011062
86	Maria Del Rosario	Marin Arnes	2023/PES_03/011392
88	Maria Luisa	Juiz Gomez	2023/PES_03/011257
89	Carlos	Varela Vazquez	2023/PES_03/010814
93	Monica	Gonzalez Martinez	2023/PES_03/010862
94	Beatriz	Sánchez Legido	2023/PES_03/012105
96	Vanesa	Gago Garcia	2023/PES_03/010736
97	Jose Miguel	Rico Noceda	2023/PES_03/010684
98	Marta	Garcia Sestelo	2023/PES_03/010711
99	Carlos	Fernández Dominguez	2023/PES_03/012053
100	Elena	Guillen Garcia	2023/PES_03/011112
102	Yolanda	Vázquez Díaz	2023/PES_03/011029
103	Humberto	Melón Traviesa	2023/PES_03/010713
104	Aihai	Chen	2023/PES_03/010818
106	Manuel	Fonteboa Marey	2023/PES_03/010982

2º.- A ampliación da Autorización de uso atopase en todo caso condicionada ao mantemento dos condicionantes establecidos no *Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación provincial de Lugo* (BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020) e aos establecidos na convocatoria de autorizacións (2ª Fase), manténdose inalteradas as obrigas das partes. Isto implica que a Deputación de Lugo poderá revocar unilateralmente a autorización concedida por razóns de interese público ou polo incumprimento dos condicionantes establecidos no Regulamento que rexe o funcionamento dos hortos.

3º.- Notificar aos interesados indicados no punto primeiro, o outorgamento da ampliación da Autorización de uso dos hortos que teñen concedida, nos termos anteriormente propostos, indicando que, salvo renuncia expresa no prazo de un mes, aceptan a ampliación cos condicionantes incluídos no presente acordo e nos informes precedentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS, ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 3 de marzo de 2023 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 061 do mércores 15 de marzo de 2023.



Tendo en conta que de conformidade co punto 9º “Avaliación das solicitudes” das Bases da convocatoria de subvencións de referencia: *“Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”*.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica da convocatoria trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 11 de xullo de 2023 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instructor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non superaren o limiar mínimo da primeira fase da valoración ou non cumpriren os requisitos para poder ser beneficiario nesta convocatoria.

Tendo en conta que na Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, a suma dos importes das 11 subvencións estimadas ascendeu a 35.819,91 €. Polo tanto, e seguindo a base 3ª “Orzamento” da convocatoria, que establece que *“no caso de que non se esgotase o orzamento dunha das liñas, podería incrementarse nese importe o orzamento doutra”*, procedeuse a incrementar a Liña 10.2 en 14.180,09 € procedente do orzamento libre da Liña 10.3, de xeito que o crédito orzamentario total de cada Liña é:

Liña	Crédito orzamentario inicial	Crédito orzamentario final
10.2 Reserva da Biosfera Terras do Miño	60.000,00€	74.180,09 €
10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses	50.000,00 €	35.819,91 €
Total	110.000,00 €	110.000,00 €

Tendo en conta que, finalmente, considerando o anteriormente exposto, as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas:

Liña	Importe
Liña 10.2 Reserva Da Biosfera Terras Do Miño	74.180,09 €
Liña 10.3 Reserva Da Biosfera Os Ancares Lucenses	35.819,91 €
Total	110.000,00 €

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023, que se mencionan nas listaxes que figuran no expediente, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes, de acordo cos criterios reflectidos na base 9 da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederese á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MUTUO ACORDO DESTA ADMINISTRACIÓN ACADADO NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DA OBRA 271 POL 2002 VILALBA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Nesta Deputación está a tramitarse o expediente expropiatorio 271 Pol 2002. Vilalba.- “Vilalba-Momán” ensanche e mellora do p.k. 0,700 ao 2,630. De conformidade coa Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), propónse:

1º.- Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada pola interesada ao Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, rectificar a titularidade da finca número 65 no seguinte senso:

Nº parcela	Titular anterior	Nova titular
65	José Antonio Pita López	María Pilar López Noche

2º.- Tal e como establecen os artigos 24 e seguintes da LEF, tras achegar á titular de bens e dereitos do expediente expropiatorio a proposta de mutuo acordo, aprobar o pagamento do importe do prezo xusto acadado como mutuo acordo do seguinte xeito:

Nº parcela	Titular	Importe do mutuo acordo
65	María Pilar López Noche	101,56 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE ANTE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA, DA AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DUNHA CISTERNA DE XURRO PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“1. Antecedentes.

Con data 30 de xuño de 2023 a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia publica no DOG número 124 a ORDE do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría e a aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2023, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento MR406D e MR406E), DOG número 124 do 30 de xuño de 2023.

A Orde do 27 de xuño ten como base o Real decreto 948/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais destinadas á execución de proxectos de investimento dentro do Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a ganadería (III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este real decreto incardínase en concreto no investimento 4 do compoñente 3 do plan (é dicir, o acrónimo C3.I4): «Plan de Impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a ganadería (III): Investimentos en agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrícola e gandeiro», cunha contribución aos obxectivos climáticos e medioambientais do 40 % (campo de intervención, etiqueta 047), e dun 6 % aos obxectivos da transformación dixital.

O obxectivo é adoptar as reformas estruturais necesarias alcanzando un nivel de investimento que promova o cambio no modelo de produción agrícola e gandeira con resultados beneficiosos para a sociedade, a economía e o ambiente.

Para responder a estes retos prográmanse unha serie de actuacións que contribuirán decisivamente a mellorar a resiliencia do sector e á mellora da súa competitividade, á vez que contribúen á consecución dos obxectivos do clima, á conservación do ambiente e á descarbonización do sector agrícola e gandeiro, apoiando a articulación de medidas recollidas no Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 e noutros plans e programas ambientais.

O programa de apoio dirixido á agricultura e ganadería de precisión, pode contribuír de maneira significativa á seguridade alimentaria, á inocuidade dos alimentos, e a promover unhas prácticas agrarias máis sustentables. A revolución dixital será fundamental na loita contra o cambio climático, polo que se necesita impulsar o desenvolvemento e implantación das devanditas tecnoloxías, a difusión da súa utilidade e a formación de usuarios para aproveitar todo o seu potencial.

Así, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia dota unha liña específica para acelerar a modernización dos equipos e o uso destas tecnoloxías que permitan unha utilización máis eficiente dos recursos naturais nos procesos produtivos e a incorporación de equipamento máis eficiente enerxeticamente, aumentando o rendemento ambiental do sector agrario.

No *Artigo 1. Obxecto e finalidade* da orde establécese:

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas e convocar para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, as seguintes liñas de



axuda incluídas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Componente 3. Inversión 4 (C3.I4), en réxime de concorrencia competitiva. Para o que se establecen os seguintes investimentos e procedementos administrativos:

a) Inversións en sistemas de xestión de esterco en gandería. Procedemento administrativo MR406D.

b) Agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro. Procedemento administrativo MR406E.

Dentro do CAPÍTULO IV Axudas á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, no Artigo 31. Persoas beneficiarias da orde establécense:

1. Poderán ser beneficiarias desta subvención:

a) Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou agrupacións de persoas físicas, incluídas as explotacións de titularidade compartida previstas na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, que sexan titulares de explotacións gandeiras e/ou agrícolas, sempre que teñan a consideración de pemes.

No Artigo 2. Definicións da orde establécense distintas definicións entre elas a de Peme:

n) Peme: considerarase a definición establecida no anexo I do Regulamento (UE)nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. No caso de explotacións de titularidade pública, tamén poderán ser consideradas peme aquelas que teñan convenio de colaboración coas universidades ou centros de investigación.

No Artigo 4. Criterios comúns de elixibilidade dos custos subvencionables da orde, no seu apartado 3. Considéranse custos elixibles aqueles que sexan necesarios para conseguir os obxectivos e en particular do establecido para cada unha das actuacións subvencionables nos capítulos III e IV, e os que se relacionan a seguir:

c) O investimento en bens, equipos e materiais de nova adquisición. Non se consideran custos elixibles licenzas, taxas, impostos ou tributos, a excepción do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ou imposto equivalente soportado, que será subvencionable sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación para a persoa beneficiaria.

Segundo o Artigo 36. *Intensidade máxima e contía da axuda da orde:*

1. A intensidade máxima da axuda será do 40 % dos custos elixibles. Con todo, este límite poderá incrementarse 20 puntos porcentuais, no caso dos investimentos colectivos, os realizadas polos consorcios ou outra forma de colaboración público-privada ou de beneficiarios que teñan a condición de novos agricultores

2. Non se concederán axudas aos proxectos solicitados cando a contía do mesmo non supere un importe mínimo de 5.000 euros. A contía máxima da axuda será de 300.000 euros.

O importe da axuda será polo tanto como máximo do 40% do orzamento subvencionable. O beneficiario cofinanciará a porcentaxe resultante. A Resolución de concesión determinará a intensidade final da axuda, así como a axuda máxima concedida.

2. Consideracións.

Dende fai anos vense traballando estreitamente entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela coa firma de diferentes convenios, entre eles o que permitiu a construción e posta en marcha da Granxa Experimental Campus Terra, dentro da Granxa Gayoso Castro na que se están a desenvolver actualmente diferentes proxectos de investigación e formativos con distintas facultades e grupos de investigación do Campus Terra de Lugo. Así, polo tanto a Granxa Experimental do Campus Terra está a ser un referente no sector gandeiro na adopción de novas tecnoloxías do sector agropecuario.

Actualmente está en vigor o Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación de Lugo para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de todas as titulacións oficiais de Grao e Máster universitario impartidas na Universidade de Santiago de Compostela asinado o 11 de marzo de 2022 cunha vixencia inicial de 4 anos polo que a Deputación Provincial de Lugo pode ser beneficiario destas axudas.

Na Granxa Gayoso Castro é urxente e necesario adquirir unha cisterna de xurro de 14.000 l de capacidade para atender ás necesidades do proceso produtivo da granxa na distribución do xurro producido na granxa nas súas parcelas, que conte con tecnoloxía actual de vangarda, que cumpra cos requisitos medioambientais actuais e que permita maior eficiencia enerxética así como capacidade de traballo variable, mapeo e comunicación para a obtención de datos e a súa posterior análise e



explotación deles, cumprindo cos obxectivos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia anteriormente citado.

En consecuencia a Granxa Gayoso Castro ten previsto a adquisición dunha cisterna de xurro de 14.000 l mediante a tramitación do oportuno contrato de adquisición.

O valor estimado do investimento da cisterna de xurro de 14.000 l segundo o prezo de mercado é de 90.000 € + IVE (18.900,00 €), total 108.900,00 €.

Tendo en conta que a axuda máxima é o 40% do orzamento subvencionable (108.900,00 €), a Deputación Provincial de Lugo pode optar a unha axuda de 43.560,00 €.

Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...)17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)"

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

3. Conclusións.

Considerando que esta Deputación, como entidade local e cumprindo os requisitos establecidos no artigo 13.2 da lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións, pode acceder ás devanditas axudas, informamos e proponse que, unha vez recibida a fiscalización de conformidade pola Intervención, pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Tramitar electronicamente, ante a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia da axuda para a adquisición dunha cisterna de xurro para a Granxa Gayoso Castro segundo a ORDE do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de esterco en gandería e a aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2023, no marco do Plan de recuperación,

transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento MR406D e MR406E), DOG número 124 do 30 de xuño de 2023.

Facúltase para a realización deste trámite á Granxa Gayoso Castro co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

2º.- Aprobar o orzamento total das actuacións, por un importe total de cento oito mil novecentos euros (108.900,00 €). Para a execución deste investimento a Granxa Gayoso Castro tramitará o oportuno contrato de adquisición da cisterna de xurro de 14.000 l.

3º.- No caso de que a Deputación resulte beneficiaria da axuda co importe máximo do 40% do investimento, que en todo caso se adaptará á resolución das axudas e pode verse diminuído, a aportación de cada administración será a que segue:

APORTACIÓN DA XUNTA DE GALICIA (40%)	APORTACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO (60%)	ORZAMENTO TOTAL DAS ACTUACIONES
43.560,00 €	65.340,00 €	108.900,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO, E DO MODELO DE ANEXO DE PREMIOS COPA DEPUTACIÓN DE FUTBOL, ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que dentro das actuacións de fomento e promoción do deporte, a Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica impulsa unha iniciativa de premios a equipos participantes na denominada “Copa Deputación” de fútbol, competición considerada de carácter oficial, dado que está organizada pola Federación Galega de Fútbol.

Visto que de acordo ás bases deportivas formuladas pola Federación Galega de Fútbol, a competición constaría de varias fases eliminatorias.

Visto que en aplicación das previsións de fomento da Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, e de acordo ao previsto na base



décimo terceira das Bases da XXXIX Copa Deputación de fútbol (ano 2023), a Area de Deportes concederalles e aboaralles os respectivos premios económicos polos resultados deportivos logrados a cada un dos equipos participantes, en función dos partidos disputados e eliminatorias superadas, aplicando o mecanismo de atribución de puntos previsto pola Federación Galega de Fútbol e establecendo un valor en euros de cada punto de cinco (5) euros.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o Informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral e do servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das bases de participación da Copa Deputación de fútbol da Federación Galega de Fútbol de aplicación a premios da anualidade 2023 .

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 108.000,00 (cento oito mil euros) para os efectos do respectivo reparto de premios, con cargo á aplicación 3410.481 do vixente orzamento da anualidade 2023.

3º.- Aprobar o modelo de anexo de participación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DE SUBVENCIÓN DESTINADA A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de xullo de 2022, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2022, convocado, mediante anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*,

núm.052 do sábado 05 de agosto de 2022, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Nº REX	CATEGORIA	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Subvencion
2022/PES_03/ 004640	Actividade competitiva federada 2022	CLUB CICLISTA LA VIVARIENSE	G27467075	CICLISMO	1.500,00 €
2022/CCP_01/ 000291	Actividade competitiva federada 2022	PESCA RIO CABE	G27503721	PESCA	1.694,00 €
2022/CCP_01/ 000256	Actividade competitiva federada 2022	CAPONS VILALBA RUGBY CLUBE (EN CONSTITUCION)	G16874125	RUGBI	1.121,00 €

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, pola que se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 052, do sábado 05 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2022.



Á vista de que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que consta no respectivo expediente a respectiva solicitude de renuncia:

Nº REX	CATEGORIA	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Subvencion
2022/PES_03/ 004801	Organización de eventos deportivos 2022	OS ANGUIAS BTT	G27463892	RUTA DA ANGUIA BTT (CICLISMO)	634,00 €

Tendo en conta o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.

Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aceptar de plano a renuncia formulada pola entidade beneficiaria OS ANGUIAS BTT relativa á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, destinada a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DE ARTESANÍA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Unidade I do Centro de Artesanía e Deseño , o cal di:

“Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e

da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten prevista a organización dunha mostra de artesanía que dá resposta a dito compromiso de promoción da artesanía.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salienta a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

1- Bases e os seus Anexos que teñen como obxecto regular e establecer as condicións para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica

2- Aprobar o gasto estimado de 25.000,00 € para a celebración de dita mostra.”



Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

2º.- Aprobar o gasto estimado de 25.000,00 € para a celebración da mostra.

3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos dadas as consecuencias excepcionais e así paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e os seus Anexos no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Unidade I do Centro de Artesanía e Deseño , o cal di:

“Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten previsto organizar un Mercado de Nadal que cumpra con dito compromiso de promoción da artesanía.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salienta a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

1- Bases e anexos da convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal.

2- Aprobar o gasto estimado de 25.000,00 € para a celebración de dito Mercado de Nadal.”

Polo cal, proponho á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de



Lugo no Mercado de Nadal organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000,00 € para a celebración do Mercado de Nadal

3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos, e o acceso de balde a participar no Mercado de Nadal aos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación seleccionados, dadas as circunstancias excepcionais e para paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e anexos da convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INCREMENTO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA DE CIRCUÍTOS TEATRAIS, AFECCIONADO E PROFESIONAL, E DO CIRCUÍTO DE CINEMA NA PROVINCIA DE LUGO, 2023

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que:

“*Antecedentes.-*

A) Na Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dez de marzo de dous mil vinte e tres, aprobouse o Programa dos circuitos teatrais (afeccionado e profesional) e do circuito de cinema na provincia de Lugo,2023, por importe de 233.000,00 €.

B) Con posterioridade, na Xunta de Goberno de data cinco de maio de dous mil vinte e tres aprobouse unha ampliación de orzamento adicado ao Circuito de Teatro Afeccionado por importe de 10.000,00 €, resultando que o importe total deste Programa fose de 243.000,00 €

Obxecto.-

O servizo de Cultura da Deputación de Lugo- e dentro deste programa propio- puxo en marcha un Circuito de teatro afeccionado; un Circuito de teatro profesional e un Circuito de cinema para a promoción, a divulgación e o fomento das actividades culturais de natureza escénica-teatral, cinematográfica e audiovisual dirixidas ao público infantil e adulto de toda a provincia de Lugo, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais e centros de ensino. Estas actividades poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores.

Fundamentación e obxectivos.-

A) No caso dos circuítos teatrais (AFECCIONADO E PROFESIONAL) está dirixido a promover o desenvolvemento das artes escénicas teatrais e facilitar a acceso do público ao teatro mediante a distribución de montaxes tanto de teatro clásico, nos seus diferentes xéneros (comedia, traxedia, traxicomedia, drama, títeres...), como de teatro moderno, entendendo como tal o teatro inmersivo, a improvisación, o microteatro, os musicais, o teatro do absurdo, a mímica, o teatro infantil, o teatro experimental,..., abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social.

B) No caso do Circuito de Cinema preténdese difundir os proxectos cinematográficos e/ou audiovisuais de factura galega, os proxectos de cinema non comercial, a proxección de filmes dobrados en lingua galega ou ben difundir a participación de actores e actrices galegos, mediante a divulgación dunha filmografía con vinculación directa ou indirecta- coa promoción da cultura galega.

Coa materialización deste programa propio, o servizo de Cultura propúxose como obxectivos os de:

- Incentivar a produción e o consumo cultural.*
- Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.*
- Apoiar e dar visibilidade as artes cinematográficas e teatrais como mecanismo de cohesión social.*
- Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o cinema a mailo teatro aos concellos da Provincia, aos Centros de ensino e ás asociacións culturais de toda a provincia.*
- Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.*
- Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.*



- Converter as manifestacións culturais de natureza teatral e cinematográfica nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.
- Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.
- Complementar a programación artística que por parte dos concellos, dos centros de ensino e das asociacións culturais se veñen desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).

Os circuítos de teatro e de cinema nacen como unha liña programática propia centrada no mundo das artes escénicas e audiovisuais representadas pola participación de grupos teatrais afeccionados e profesionais ou ben pola organización, a distribución, a proxección e a divulgación de filmografía con temática inclusiva, reivindicación social, transmisión de valores fundamentais (visibilización da realidade de colectivos diferentes, igualdade de xénero e raza, o fomento da diversidade, etc... dando cabida a variantes que van dende o musical con trasfondo social, a comedia ou o drama, pasando pola intriga- se fose o caso- intentando que, de acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia se protexa, se conserve, se difunda e se fomente o patrimonio cultural como unha ferramenta de interrelación social coa función de nexo de transmisión ás xeracións futuras de valores fundamentais na educación: igualdade, diversidade ou sensibilizar a realidade dos diferentes colectivos sociais, etc...

Debemos sinalar que, no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións e as artes do espectáculo.

O período de execución destes circuítos teatrais e de cinema materializárase dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2023.

O orzamento total para este Programa era de 243.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

<i>Circuíto Teatro Afeccionado: 90.000 €</i>
<i>Circuíto Teatro Profesional: 85.000 €</i>
<i>Circuíto Cinema: 60.000€</i>
<i>Pago dos dereitos da SGAE a que puidera dar lugar a organización dos circuítos de Teatro (se fose o caso), agás o Circuíto de Cinema: 8.000 €</i>

Non obstante, ao igual que sucedeu coa gran demanda de representacións de Teatro Afeccionado, novamente o crecente interese mostrado en toda a provincia polas representacións do Circuíto de Teatro Profesional e tamén polos pases do Circuito de

Cinema fan preciso incrementar o orzamento deste Programa propio en 25.000,00 € para a posta en marcha dun maior volumen de representacións de Teatro Profesional e, en 36.000,00 € para o incremento da demanda nas actividades do Circuito de Cinema.

A razón fundamentada deste incremento orzamentario reside no feito de que o servizo de Cultura considera que a administración local debe remover os obstáculos que dificultan a chegada da programación cultural a todos os recunchos do territorio e tamén en que, con este tipo de iniciativas socio-culturais, as industrias culturais son un revulsivo das estruturas económicas.

Por esta razón, o orzamento final deste Programa pasará a ser de 304.000,00 €, desglosado do seguinte xeito:

<i>Circuíto Teatro Aficionado: 90.000 €</i>
<i>Circuíto Teatro Profesional: 110.000 €</i>
<i>Circuíto Cinema: 96.000€</i>
<i>Pago dos dereitos da SGAE a que puidera dar lugar a organización dos circuítos de Teatro (se fose o caso), agás o Circuíto de Cinema: 8.000 €</i>

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para proceder a incrementar o orzamento total das representacións de teatro profesional e do circuíto de Cinema na provincia de Lugo por valor de 61.000,00 €, para a anualidade 2023.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o incremento orzamentario deste Programa propio en 25.000,00 € para a posta en marcha dun maior volumen de representacións de Teatro Profesional e, en 36.000,00 € para o incremento da demanda nas actividades do Circuito de Cinema, a vista do interese mostrado en toda a provincia polas representacións do circuíto de Teatro Profesional e do circuíto de Cinema e, sendo conscientes dos beneficios socio-



culturais e económicos que este tipo de iniciativas propias da democratización cultural conlevan. Con este incremento orzamentario, o orzamento final deste Programa pasaría a ser de 304.000,00 € para a anualidade 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO PREMIO OTERO PEDRAYO, ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Visto que a Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión celebrada o día 24 de marzo de 2023, adoptou o acordo de aprobación da convocatoria e das bases, do gasto e do nomeamento de representantes da Deputación de Lugo no Premio Otero Pedrayo 2023. No apartado 4º figura o seguinte:

“4º.- Delegar en dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada de Cultura, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do Premio Otero Pedrayo 2023.”

Visto que, tras as eleccións locais celebradas con data 28 de maio de 2023, constituíuse unha nova corporación provincial o día 30 de xuño de 2023, conformada por novos deputados e deputadas.

Visto que con data 7 de xullo de 2023 resolveuse conferir na deputada provincial Iria Castro Fernández a delegación da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística.

Tendo en conta o cambio producido na composición da corporación provincial e na delegación efectuada na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, procede modificar a delegación da representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do “Premio Otero Pedrayo 2023” para que a ostente a actual deputada delegada de Cultura, dona Iria Castro Fernández.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura PROPÓN, se procede, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar o representante da Deputación de Lugo e delegar en dona Iria Castro Fernández, deputada delegada de Cultura, a representación da Excm. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do Premio Otero Pedrayo 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ASOCIACIÓN A PARTICIPAR NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito Dona. Susana López Pérez con DNI ****4515**, en representación da entidade APA Colexio Nacional Mixto Fray Luis de Granada con NIF G27158450 o 28/06/2023 (2023/PES_03/014681), no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia (excursión concedida para o 29 de xuño de 2023).

Vistas as bases da convocatoria do Programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2023), aprobadas en Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 9 de xaneiro de 2023.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 03 de febreiro de 2023 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de febreiro de 2023.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a renuncia da APA Colexio Nacional Mixto Fray Luis de Granada con NIF G27158450 para a participación no Programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2022) e non manter o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



17.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN, SE PROCEDE, DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZO NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DUN FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por Resolución da Presidencia, de 3 de novembro 2022, o funcionario de carreira e titular do posto denominado Técnica de Administración Xeral, Grupo A, Subgrupo A1, adscrito ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspeccións Tributarias da Deputación Provincial de Lugo, Don Jesús Montouto González, cesou na situación de servizo activo ao pasar a desempeñar, en Comisión de Servizos, o Posto de Xefe Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia en Lugo.

Mediante oficio da citada Consellería, de 4 de xullo 2023, que tivo entrada no rexistro xeral da Deputación Provincial de Lugo na citada data, dáse conta de que, con efectos económicos e administrativos dende o día 30 de xuño 2023, tomou posesión do posto indicado anteriormente, provistado polo procedemento de Libre Designación.

Tendo en conta que as situacións administrativas do persoal funcionario das Administracións Locais, conforme ao disposto no artigo 140 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local, regularanse polo disposto na normativa básica estatal, é dicir, polo establecido no Título VI do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma.

Considerando que, conforme ao previsto no artigo 170 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de servizo noutras administracións públicas: "cando, en virtude de(...) procedementos de provisión de postos de traballo, obteña destino nunha Administración Pública distinta. (...)".

Tendo en conta canto antecede, e visto o informe do Servizo de RRHH e Asistencia a Concellos, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro do 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a situación administrativa de servizo noutras administracións públicas de Don Jesús Montouto González, Técnico de Administración Xeral, Grupo A, Subgrupo A1, adscrito ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspeccións Tributarias da Deputación Provincial de Lugo, cos efectos legais e administrativos que se sinalan no artigo 171 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, con efectividade do día 30 de xuño de 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN GUÍA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Antonio Reigosa Carreiras, Guía do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Responsable Coordinador I Comunicación e Xestión “ A Extinguir”, cumpre os 65 anos de idade o día 15 de agosto de 2023, que terá recoñecidos 41 anos, 3 meses e 15 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 15 de agosto de 2023, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 9 meses e que non solicitou a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa de aplicación:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.*
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.*

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.



Artigo 67 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.*
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.*

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

<i>Ano</i>	<i>Períodos cotizados</i>	<i>Idade esixida</i>
<i>2023</i>	<i>37 anos e 9 meses ou máis</i>	<i>65 anos.</i>
	<i>Menos de 37 anos e 9 meses</i>	<i>66 anos e 4 meses</i>

[...]”.

Tendo en conta canto antecede e visto o informe do Servizo de RR.HH e Asistencia a Concellos, propónse que en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 59.4 do

Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, Don Antonio Reigosa Carreiras, con efectividade do día 15 de agosto de 2023, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DESPOIS DE CUMPRIR A IDADE ORDINARIA DE XUBILACIÓN DUNHA FUNCIONARIA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“En Xunta de Goberno celebrada o 21 de outubro 2022, adoptouse o acordo de prolongar dende o 29 de outubro de 2022 ata o 31 de xullo de 2023, o servizo activo de dona Elvira Tuñas Dugñol, con DNI ***3362**, nacida o 28 de outubro de 1957, funcionaria de carreira desta Entidade (grupo C, Subgrupo C1), da Escala Administrativo de Administración Xeral, que desempeña o posto de traballo de Xefa de Sección III Inventario Xeral, na Secretaría Xeral e Servizos Centrais da Deputación Provincial de Lugo, facendo referencia a que *“a prolongación do servizo activo poder ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos”* e *“considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria”*.

A referencia ao interese e necesidades organizativas motivouse no dito acordo, en que estíbese a realizar o desenvolvemento do proceso de incorporación dos bens de SUPLUSA, regularización das distintas propiedades provinciais e a súa adecuación no Rexistro da Propiedade, así como a rectificación anual do Inventario de Bens da Deputación Provincial, consistente na súa actualización e a comprobación, con motivo das Eleccións Locais do 28 de maio 2023”, labor que se ten por rematada coa aprobación da Actualización do Inventario de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Lugo, no Pleno Ordinario do 25 de abril 2023.

O pasado 20 de abril do 2023, Dona Elvira Tuñas Dugñol, presentou un escrito na oficina do Rexistro Xeral desta Entidade, no expediente 2023/XEN_01/001073, no que solicita a prórroga da prolongación na situación de servizo activo despois do 31



de xullo de 2023, data na que lle correspondería a xubilación, unha vez finalizada a prolongación do servizo activo na citada data, conforme á normativa do Réxime Xeral da Seguridade Social, ao ter acreditado, segundo achega coa solicitude, unha carreira de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social de máis de 46 anos.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

Xubilacion do Persoal Funcionario e Laboral

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Segurianza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

- a) *Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.*

- b) *A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.*
- c) *Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.*

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) *Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.*
- 2) *Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.*

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) *A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.*
- b) *A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.*



- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Logo de efectuar un estudo da situación organizativa na actualidade, conséntase que as necesidades de persoal dentro da estrutura na que presta servizos (Sección de Inventario Xeral), derivadas da baixa por xubilación ordinaria da funcionaria solicitante, poden ser obxecto de cobertura mediante a adquisición de novos efectivos, na medida en que resulten necesarios, acudindo aos mecanismos previstos na vixente normativa de función pública, sen por iso dificultar ou impedir o obxectivo do goberno da Entidade de facilitar os procesos de relevo xeracional que contribúa ao imprescindible rexuvenecemento do cadro de persoal para a mellora do funcionamento da organización, non existindo actualmente as causas organizativas e funcionais que inicialmente motivaron a prolongación do servizo activo de dona Elvira Tuñas Dugno, xa que se consideran por concluídas coa aprobación da Actualización do Inventario de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Lugo, no Pleno Ordinario do 25 de abril 2023.

As funcións que está a desempeñar poden ser cubertas por outros efectivos do Servizo co nivel de cualificación da solicitante, acudindo aos mecanismos de provisión que recolle o regulamento da Entidade e a normativa de provisión de postos de función pública sen que se alberguen evidencias de maior dificultade que obstaculicen a intención organizativa prevista, ao igual que noutros procesos de relevo que se producirán noutros Servizos como consecuencia da xubilación doutros efectivos.

Tomando en consideración que non existen circunstancias de déficit de carreira de cotización da citada funcionaria que abran paso ás previsións e compromisos recollidos de obrigada prolongación da permanencia no servizo activo despois da idade ordinaria de xubilación, conforme ao Anexo V do xa citado Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, de 14 de novembro de 2013, en materia de xubilación, xa que non sufrirá mingua na súa prestación de xubilación da Seguridade Social, atendendo á dilatada carreira de cotización, xa indicada, de máis de 46 anos, que supera amplamente os anos necesarios para completar o 100% do importe da Base Reguladora.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, a Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, formula proposta para que a Xunta de Goberno adopte unha resolución sobre a solicitude formulada por dona Elvira Tuñas Dugzol, coa seguinte parte dispositiva:

Desestimar a pretensión da funcionaria de carreira Dona Elvira Tuñas Dugzol, de prorrogar a prolongación da permanencia no servizo activo, despois do 31 de xullo 2023; e tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do 31 de xullo 2023, conforme ao previsto no artigo 67.1 b) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 68 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Con data 4 de xullo de 2023 notifícaselle á indicada funcionaria o contido da citada proposta desestimatoria da súa solicitude, a fin de que no prazo de 5 días formule alegacións, de estimalo oportuno.

Con data 11 de xullo de 2023, recíbese escrito de alegacións, formuladas pola interesada.

Visto o informe do Servizo de RR.HH e Asistencia a Concellos, que consta no expediente, de data 19 de xullo 2023, sobre o citado escrito de alegacións, no que se conclúe que estas non desvirtúan a motivación e argumentos que sosteñen a proposta formulada, procede elevar a proposta como definitiva á Xunta de Goberno para que esta adopte a correspondente resolución.

En consideración a canto antecede, proponse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a pretensión da funcionaria de carreira, Dona María Elvira Tuñas Dugzol, de prorrogar a prolongación da permanencia no servizo activo, despois do 31 de xullo 2023; e tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do día 31 de xullo de 2023, data de remate da prolongación no servizo activo inicialmente acordada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



20.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 88/2023-P.

Vista a proposta do Director de Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 88/2023-P seguido a instancia de ALLIANZ contra *“la desestimación de la reclamación interpuesta por la cantidad de 2.674,03...”* en materia de responsabilidade patrimonial, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 105/2023, DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE LUGO.

Vista a proposta do Director de Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Sentenza nº105/2023, de 29 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 320/2022-S, seguido a instancia de ALLIANZ contra *“la desestimación por silencio administrativo, de la reclamación patrimonial interpuesta, por la cantidad de 10.741,35 euros...”* , cuxo fallo é o seguinte:

“1. Debo estimar y estimo el recurso interpuesto por la entidad de seguros Allianz, frente a la Deputación Provincial de Lugo, compareciendo como codemandada la entidad de seguros Segurcaixa-Adeslas SA y declaro contraria a derecho la resolución expresa dictada en el expediente de responsabilidad patrimonial 2022/PES_03/007321, anulándola, y, condeno a la Administración y a su entidad de seguros a indemnizar a la recurrente en la cantidad reclamada, -10.741,35- euros, con intereses del artículo 106.2 LJCA.”

II. Las costas del procedimiento se imponen a las demandadas, artículo 139 LJCA, si bien limitando el importe a pagar, por todos los conceptos y en atención a la cuantía del procedimiento, sea cual fuere el resultado de la tasación de costas, a - 300- euros.

III. Notifíquese la presente resolución a las partes haciéndoles saber que la misma es firme.”

Tendo en conta que a Deputación Provincial de Lugo ten contratado seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, e vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da dita cantidade comunicada polo Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto dáse conta á Xunta de Goberno da devandita Sentenza e propónse a adopción do seguinte acordo:

Que se autorice o ingreso da cantidade de 300 euros, en concepto de franquía na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- CONTA DO DECRETO DE 28 DE XUÑO DE 2023, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, MEIRA, CASTROVERDE, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL.

Dase conta do Decreto da Presidencia de data 28 de xuño de 2023, polo que se resolveu adxudicar a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maioras de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Castroverde, Navia de Suarna e Ribas De Sil.

A Xunta de Goberno queda enterada.

23.- CONTA DO DECRETO DE 13 DE XULLO DE 2023, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MONTAXE DE ASENTOS INDIVIDUAIS CON RESPALDO PREGABLE PARA AS BANCADAS



SUPLETORIAS DO PAZO PROVINCIAL DOS DEPORTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Dase conta do Decreto da Presidencia de data 13 de xullo de 2023, polo que se resolveu adxudicar a contratación da subministración, instalación e montaxe de asentos individuais con respaldo pregable para as bancadas supletorias do Pazo provincial dos Deportes da Deputación provincial de Lugo.

A Xunta de Goberno queda enterada.

24.- CONTA DO DECRETO DE 13 DE XULLO DE 2023, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIXITALIZACIÓN DA SERIE DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA ENTRE OS ANOS 1984 E 2003.

Dase conta do Decreto da Presidencia de data 13 de xullo de 2023, polo que se resolveu adxudicar a contratación do servizo de dixitalización da serie do Boletín Oficial da provincia entre os anos 1984 e 2003.

A Xunta de Goberno queda enterada.

25.- CONTA DO DECRETO DE 14 DE XULLO DE 2023, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN 4X4 CON CAIXA BASCULANTE PARA TERRA E CUÑA QUITANEVES PARA O PARQUE MÓBIL, ASÍ COMO A RETIRADA DO VEHÍCULO (IVECO MP190E30W).

Dase conta do Decreto da Presidencia de data 14 de xullo de 2023, polo que se resolveu adxudicar a subministración dun camión 4x4 con caixa basculante para terra e cuña quitaneves para o Parque Móbil, así como a retirada do vehículo (IVECO MP190E30W).

A Xunta de Goberno queda enterada.

26.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Sentenza nº158/2021, de 31 de maio, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no PO 280/2018-L.

Asi mesmo dáse conta da Sentenza nº775/2022, de 18 de outubro de 2022, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo no T.S.X. de Galicia no Recurso de Apelación 616/2021

No recurso contencioso administrativo nº280/2028-L interposto por D. Germán Carnero Pérez - acumulado o PA 186/2019 a instancia do demandante D. Luis Castro Casal (Auto acumulación de data 24.01.2020) - o primeiro fronte á Deputación de Lugo, D. Nazario Bruzos Rouco e a Compañía de Seguros Allianz, S.A. e o segundo (acción de D. Luis Castro Casal) unicamente exercitada fronte á Deputación, ambos os dous en materia de responsabilidade patrimonial, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº158/2021, de data 31 de maio, en cuxo fallo estimou parcialmente ambas as dúas reclamacións, sen custas.

Fronte a dita Sentenza a Deputación de Lugo e Mapfre España CIA de Seguros y Reaseguros, S.A. interpoñen recurso de apelación - Recurso de Apelación nº616/2021 - que resolve a Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa Sentenza nº 775/2022, de 18 de outubro, cuxo fallo é o seguinte:

“Estimar el recurso de apelación interpuesto por la Diputación Provincial de Lugo, así como el interpuesto por la entidad aseguradora Mapfre España SA, contra la sentencia nº 158/21, de fecha 31 de mayo de 2021, del Juzgado de lo contencioso-administrativo nº 2 de Lugo, y, en consecuencia, se revoca la referida sentencia, al no apreciarse la existencia de responsabilidad patrimonial de la Administración Local demandada, y todo ello sin perjuicio de las acciones que a los interesados corresponda ante la Jurisdicción Civil. Sin costas en ninguna de las instancias.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

27.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.